



Teloschistes flavicans (Sw.) Norman

Atópase nas pólas das árbores (foto 1) e, tamén sobre musgo e rochas silíceas (foto 2) nas zonas próximas á costa con néboas frecuentes. É unha especie rara e en regresión pola desaparición do seu hábitat.

O talo fruticuloso de cor laranxa (fotos 2,3,4) ou amarelo (foto 1) é o carácter máis relevante. Diferénciase de *T. chrysophthalmos* (ficha 5) por ter o talo de maior tamaño, chegando ata os 10 cm; lacínias redondeadas ou lixeiramente aplanadas (fotos 3, 4) e moi ramificadas; e soraliros amarelos (foto 4).

Non se coñecen exemplares fértiles en Galicia.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo K⁺ vermello, C⁻.